

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**CEIP EDUARDO ÁVILA BUSTILLO
A VEIGA**

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Marco legal.
3. Xustificación baseada no contexto.
4. Identificación e valoración das necesidades.
5. Obxectivos.
6. Actuacións, medidas, programas para a atención á diversidade.
7. Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
8. Actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas.
9. Mecanismos de coordinación e colaboración internos.
10. Colaboración coas familias.
11. Colaboración con servizos externos ao centro.
12. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
13. Documentos complementarios.
14. Seguimento, avaliación e mellora do plan.
15. Anexos:
 - 15.1. Protocolo de avaliación inicial de educación infantil
 - 15.2. Plan de avaliación da linguaxe oral en educación infantil
 - 15.3. Protocolo de avaliación inicial de educación primaria
 - 15.4. Plan de seguimento do alumnado ao longo de ed. Primaria
 - 15.5. Escala de observación da conducta do alumno.
 - 15.6. Avaliación da linguaxe oral.
 - 15.7. Protocolo de demanda de avaliación psicopedagóxica.
 - 15.8. Documento de ACI.
 - 15.9. Documento de RE.
 - 15.10. Autorización flexibilización pais
 - 15.11. Autorización avaliación psicopedagóxica pais
 - 15.12. Información ás familias da elaboración ACI
 - 15.13. Comunicado ás familias informando apoio de PT.
 - 15.14. Plan específico de reforzou ou recuperación.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- 15.15. Informe de aprendizaxe individualizado de final de curso.
- 15.16. Modelo de documento para o seguimento do alumnado con apoio nas aulas de PT.
- 15.17. Diario de sesión nas aulas de PT/AL
- 15.18. PAT.
- 15.19. Protocolo TEA.
- 15.20. Protocolo TDAH.

1. INTRODUCCIÓN.

“ A diversidade é unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno e cada alumna, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto” . **Decreto 229/2011.**

A **LOE** no seu preámbulo establece como un dos principios fundamentais: “proporcionar unha ensinanza de calidade a todos os cidadáns de ambos sexos, en todos os niveis educativos”..., “trátase de conquistar que todos os cidadáns acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, individuais, sociais, intelectuais, culturais e emocionais para o que precisan recibir unha educación de calidade adaptadas as súas necesidades. Ao mesmo tempo, se lles debe garantir unha igualdade efectiva de oportunidades, prestando os apoios necesarios...”.

Di ademais: “A axeitada resposta educativa a todos os alumnos e alumnas concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente deste modo se garante o desenvolvemento de todos, favorecese a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abrangue a todas as etapas educativas e a todase todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos”.

A calidade e a equidade son obxectivos fundamentais e prioritarios en toda actuación educativa. A atención á diversidade constitúe o mellor indicador da posta en marcha de ambos principios. A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, así o contempla e inclúe entre un dos seus principios básicos o de proporcionar a calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias e a equidade que garanta a igualdade de oportunidades.

É necesario comprender que todas as persoas son diversas e que só na medida en que a intervención educativa se adecúe ás peculiaridades individuais de cada unha delas, o seu proceso educativo resultará satisfactorio. É obxectivo da educación conseguir que todas as persoas acaden o máximo

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

desenvolvemento posible das súas capacidades individuais e sociais; intelectuais, culturais e emocionais para o que necesitan recibir unha educación adaptada ás súas necesidades.

É preciso garantir unha igualdade efectiva de oportunidades, ofrecendo os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o requira como aos centros nos que se escolariza. En definitiva, o obxectivo é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, conciliando a calidade da educación coa equidade.

No **preámbulo da LOMLOE** fálase dos enfoques que resultan clave para adaptar o sistema educativo ao que del esixen os tempos a que nos enfrontamos: “adopta un enfoque de igualdade de xénero a través da coeducación e fomenta en todas as etapas a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual”. Ademais expón “un enfoque transversal orientado a que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio de unha dinámica de mellora continua dos centros educativos e unha maior personalización da aprendizaxe”.

A atención á diversidade nos **artículos 6 e 7 da Orde 08/09/2021** refírese ós ANEAE e ós ANEE:

1. ANEAE “aquele alumnado que precisa unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren nee, por atraso madurativo, por trastorno do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escola.”
2. ANEE “alumnado que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

Ao longo deste P.A.D., establecéranse: os obxectivos que pretendemos conseguir no ámbito da atención a diversidade, a secuenciación en fases para a determinación dos nenos e nenas que serán obxecto de atención específica, os criterios para dar resposta ao alumnado identificado anteriormente, non só a nivel individual, senón primeiramente en canto á resposta que se lle ha de dar a este alumnado a nivel de centro e a nivel individual, contando cos recursos humanos, materiais e organizativos cos que dispoñemos. Para rematar este, como en todo plan é necesario avalialo e facer cantas revisións se consideren oportunas.

O noso Plan de Atención á diversidade, caracterízase por ser **integral e integrador**.

É **integral** na medida en que abarca a todo o alumnado con algún tipo de necesidade específica de apoio educativo.

Pero ao mesmo tempo é **integrador** na medida en que a resposta educativa é responsabilidade de todo o profesorado e demais profesionais do centro.

O PAD ten por obxecto articular a atención á diversidade do noso alumnado, segundo o **Decreto 229/2011 do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e a **Orde do 8 de setembro** que desenvolve o Decreto, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos nas ensinanzas establecidas na **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE)**.

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade rexerase por:

- Principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
- A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado.
- Serán prioritarias as accións preventivas e a detección temperá, coa implicación e a participación de toda a comunidade.
- Priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador.
- As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa
- atención nos centros educativos.

2. MARCO LEGAL.

- Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente. (B.O.E. do 31-7-2003).
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE do 03/12/2003)
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/08/1997).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 21/12/2011).

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. Para regular o proceso orientador nos colexios de Infantil e Primaria:

- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. nº 79, do 27 de abril de 1998)
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. do 31 de xullo)

2. Para dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo:

- Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente. (B.O.E. do 31-7-2003)

3. Para a organización do colexio de Primaria, para programar en función do currículo e para a realización do proceso de avaliación,:

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96).

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 02/09/97).
- Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Lexislación máis específica:

- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, Galega para a Igualdade de Mulleres e Homes.
- Lei 27/2005, del 30 de noviembre, de fomento da educación e da cultura da paz.

3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

3.1. DESENVOLVEMENTO DO DECRETO 229/ 2011 DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O noso centro priorizará as seguintes medidas de atención á diversidade destinadas a proporcionar unha resposta axeitada as necesidades educativas do noso alumnado (artigo 8):

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- ❑ Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos).
- ❑ Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

No mes de setembro, os titores e mestres de área, faran unha avaliación inicial do alumnado. A partir da avaliación farán as programacións de aula, que tendo en conta a programación de ciclo, se adaptarán ás características do alumnado. Nas programacións incorporaremos as medidas de reforzo para os alumnos con NEE ou para aqueles que non acadan os obxectivos ou que precisan unha ampliación dos mesmos.

Na programación de curso debe constar a avaliación por competencias, e concretar esta avaliación na programación de aula.

- ❑ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos a partir do aprendizaxe por proxectos.
- ❑ Reforzo educativo e apoio dentro da aula do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- ❑ Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- ❑ Programas de habilidades sociais. Este programa será levado a cabo pola Dinamizadora de Convivencia e a Orientadora, coa participación dos mestres titores.

3.2. RELACIÓN COS DOCUMENTOS INSTITUCIONAIS DO CENTRO.

Para a realización do presente PAD teranse en conta as directrices dadas na CCP onde explicitamente se fixa como marco fundamental o respecto pola inclusión educativa e se aceptou o índice que se propón neste documento. Do mesmo xeito se propón como directriz a elaboración dos horarios de acordo con criterios xerais.

Do mesmo xeito tense en conta o recollido nos outros documentos institucionais do centro como a Concreción curricular elaborada e o Proxecto

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

educativo (aínda que este está pendente de revisar). Tense en conta tamén o recollido no Plan de Convivencia así como no NOFC do centro.

3.3. RELACIÓN CO CONTEXTO DO PROPIO CENTRO.

O **C.E.I.P Eduardo Ávila Bustillo** ubícase en A Veiga e escolariza alumnado procedente das distintas poboacións próximas na etapa de Educación Primaria e Educación Infantil. No presente curso académico 2023-2024 hai 1 unidade de Educación Primaria e 1 de Educación Infantil.

Conta cos servizos complementarios de transporte escolar e comedor.

É un centro con xornada partida, con horario de 10:00 a 16:00 de horario lectivo, e de en horario de comedor.

O centro participa en diversos programas de mellora: Plan Proxecta + e PFPP o que repercute na mellora da ensinanza e unha mellor atención ao alumnado con NEE.

O Departamento de Orientación, da resposta ás necesidades específicas de apoio educativo deste centro, e os centros compartidos de Viana do Bolo, no que ten a sede e o Ceip San Martiño de Vilariño de Conso.

4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

- De conformidade co artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar..

- De conformidade co artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

5. OBXECTIVOS.


- * Contemplan medidas xerais e específicas que permitan prever as dificultades e ofertar respostas adecuadas a todo o alumnado.
- * Garantir a actuación coordinada de todo o profesorado para a correcta aplicación das medidas de atención a diversidade.
- * Proporcionarlle ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- * Adaptar a resposta educativa ao alumnado con necesidades educativas.
- * Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno/a.
- * Establecer cauces de colaboración entre os diversos profesores que interveñen cos alumnos de necesidades educativas especiais.
- * Organizar os recursos persoais e materiais do centro para facilitar unha resposta educativa adecuada a todo el alumnado, fundamentalmente aos que presentan necesidades educativas.
- * Fomentar a participación dos pais e das nais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- * Coordinación coas institucións ou organismos externos ao Centro que teñan relación cos nosos alumnos/as.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

6. ACTUACIONES, MEDIDAS, PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

6.1. ACTUACIONES .

• PROCESO PARA A DEMANDA DA INTERVENCIÓN DO D.O.



PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

• DETECCIÓN DE NECESIDADES.

1. O mestre titor titora detecta algún tipo de necesidades educativas (retrazo, alteracións, dificultades, problemas...) e a partir da recollida de información directa na escola e do intercambio coa familia e debe tenta dar resposta a esa necesidade coa adopción das medidas ordinarias que se consideren oportunas en cada caso.
2. A familia observa algún tipo de problemática e informa ao Centro das necesidades detectadas nese ámbito. Se a información se realiza ao través da titoría seguirase o proceso anterior.
3. Se coas medidas adoptadas se consegue dar unha resposta axeitada ás necesidades, péchase o ciclo de detección.
4. O titor , titora ou a familia detectan dificultades no alumnado e comunícanllo ben directamente ao Departamento de Orientación ou ben a responsable do centro.
5. O Departamento de Orientación adoptará as medidas educativas que se consideren oportunas para dar resposta ás necesidades detectadas. No suposto de que así se considere, solicitarase a intervención do E.O.E. (Equipo de Orientación Específico), que realizada a valoración do caso, determinará as medidas educativas a adoptar. A familia estará informado das medidas dispostas.

• PLANIFICACIÓN DO PROCESO DE DIAGNOSE E INTERVENCIÓN.

1. Despois dunha avaliación das necesidades, o Orientador determinará e fará una proposta dos apoios que deberá recibir o alumno atendendo a se as súas necesidades académicas, comunicativo-lingüísticas , ou emocionais .
2. A modalidade e tipo de apoio será determinada polaresponsable de centro tal e como establece no Decreto 229/2011 e a Orde do 8 de setembro do 2021.
3. Unha vez detectadas as dificultades e proposto o alumno para o apoio correspondente, determinarase e concretarase o plan de traballo dende a

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

coordinación dos mestres implicados no apoio, elevando do mesmo xeito ás ditas propostas dirección do centro.

4. Informarase sempre ás familias da proposta de intervención deseñada e manterase reunión para informar da evolución do alumno así como para o establecemento de pautas de actuación conxuntas.
5. Trimestralmente o mestre de apoio realizarán o informe no que reflectan os obxectivos conseguidos e os que será necesario seguir traballando.

6.2. MEDIDAS.

Ordinarias:

- *Avaliación inicial de todo o alumnado que inicia educación infantil:* con protocolo de avaliación deseñado polo equipo de ciclo e coa calaboración do Departamento de Orientación. Dirixido a detectar problemáticas e darlle unha atención preventiva. Levarase a cabo durante os meses de outubro e novembro de cada curso. Responsabilidade da profesora titora con información e pautas de actuación para nais e pais e coa colaboración do Departamento de Orientación.
- *Plan de avaliación da linguaxe oral:* avaliación da linguaxe oral de todo o alumnado de 5º curso de Educación infantil co fin de detectar deficiencias na linguaxe oral e así podelas subsanar na maior brevidade posible co fin de evitar posteriores dificultades na aprendizaxe da lecto-escritura. Levarase a cabo nos meses de xaneiro e febreiro. Responsabilidade da orientadora, a profesora titora e a mestra de A.L con información e pautas de actuación para nais e pais.
- *Avaliación inicial de todo o alumnado que inicia educación primaria:* dirixido a detectar problemáticas e darlle unha atención preventiva e individualizada. Levarase a cabo durante os meses de setembro e outubro de cada curso. Responsabilidade do titror coa colaboración do departamento de orientación e en coordinación con todo o profesorado de nivel.
- *Plan de seguemento do alumnado que remata a educación primaria:* avaliar a todo o alumnado que remata a educación primaria para facer un seguimento que permita a atención adecuada ao seu rendemento académico a ao seu desenvolvemento persoal e social. Será responsabilidade do Titor e da xefa do Departamento de Orientación.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- *Reforzo educativo:* para consolidar contidos básicos claves para aprendizaxes posteriores, principalmente os instrumentais de linguaxe e matemáticas. Pode ser unha dificultade de aprendizaxe ou unha lagoa no proceso de aprendizaxe, dun ou varios alumnos ou alumnas.

Poden ser:

- ✓ Grupais: dous mestres na aula, desdobre, aprendizaxe cooperativo, programas específicos: Aprender a pensar, hábitos e técnicas de estudio,...
- ✓ Individuais: actividades de reforzo ou profundización no aula, individuais ou en pequeno grupo; traballo persoal titorizado por un profesor; apoio fóra do aula para coñecementos instrumentais básicos, con desfase importante con respecto ao obxectivos do ciclo.

Responsables: o equipo educativo coordinado polo titor, cada mestre na súa área ou o profesorado de apoio. Impartiranse nas áreas deLingua e matemáticas, de acordo co horario do grupo.

- ✓ Apoio en E.Infantil e programa de PELO para a estimulación da linguaxe.

Extraordinarias:

- *Permanencia dun ano máis:* consiste en alongar a escolarización dun alumno/a, en infantil e/ou primaria, para facilitar a adquisición dos obxectivos dun ciclo ou etapa.
- *Reducción dun ano:* Consiste en reducir a escolarización, en infantil ou primaria, para desenvolver plenamente as capacidades do alumnado.
- *Adaptación curricular individualizada:* proposta específica para un/unha alumno/a con modificación de obxectivos, contidos e/ou criterios de avaliación; responsabilidade do titor/a, coa colaboración do PT e/ou AL e co asesoramento do Departamento de Orientación. Dura dous anos académicos.

6.3. PROGRAMAS.

• **TRABALLO COLABORATIVO, TITORÍA ENTRE IGUAIS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS.**

Dentro da metodoloxía de aula propia de cada curso faise necesario ter en consideración as diferentes metodoloxías que contribúen á dar unha resposta axeitada á diversidade, e que son as que se citan máis arriba e que explicaremos a continuación:

• **TRABALLO COLABORATIVO E COOPERATIVO.**

Trátase dunha forma de organizar a clase na que as tensións , rivalidades , exclusións... non teñan cabida, e donde o alumnado, en grupos reducidos , se axuden uns a outros a aprender. Estruturar de forma cooperativa a clase é intervir para que a clase pouco a pouco se converta nunha “comunidade de aprendizaxe”. O grupo clase ten que pasar de ser unha colectividade, un grupo de individuos que comparten o mesmo espazo, a ser unha pequena comunidade, onde se interesan uns por outros , que teñen un obxectivo común que é aprender e que se se axudan uns a outros o poderán facer mellor.

A filosofía da aprendizaxe cooperativa é a de respectar os principios básicos da atención á diversidade: inclusión, normalización, equidade, igualdade de oportunidades, non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia, xa que esta comunidade de aprendizaxe ven presidida por enunciados como: “todos aprendemos de todos”, “aquí cabe todo o mundo”, “teño dereito a aprender acorde coa miña capacidade”, “teño dereito a ser eu mesmo”.

• **TITORÍA ENTRE IGUAIS.**

A titoría entre iguais é un método de aprendizaxe cooperativo igual que o anterior, baseado na creación de parellas de alumnos, cunha relación asimétrica (derivada da adopción do rol de titor e titorado), cun

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

obxectivo común, coñecido e compartido que se acadará a través dun marco de relación planificado polo mestre.

O uso da titoría entre iguais é un instrumento de atención á diversidade, que mobiliza a capacidade mediadora do alumnado e que saca partido das diferenzas de nivel entre nenos e nenas.

• **PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS.**

Diferentes programas específicos personalizados e que dean resposta ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado do centro.

✓ **Programa para mellorar a comprensión lectora.**

Co fin de mellorar a velocidade e a comprensión lectora nos nenos que presentan necesidades específicas de apoio educativo. Empregaranse programas educativos informáticos. Do mesmo xeito empregaranse libros con caderniños de Lectura Eficaz que axudarán a mellora destes procesos, sen esquecer o traballo diario de actividades que impliquen o traballo da comprensión así como da expresión tanto oral como escrita.

Potenciarase a implementación do programa de comprensión lectora para desenvolver en todas as aulas de Ed. Primaria, co fin de mellorar este aspecto no que moitos nenos amosan dificultadese que inflúe negativamente no seu rendemento académico a nivel xeral.

✓ **Programa de desenvolvemento das habilidades matemáticas básicas:**

Co fin de mellorar os procesos matemáticos básicos do alumnado do centro, e en especial dos nenos con necesidades específicas de apoio educativo.

✓ **Programas de desenvolvemento na Educación Infantil.**

- **Programa de estimulación da linguaxe oral**, desenvolto pola mestra de apoio na etapa de Educación Infantil a través do PELO.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Programa de autonomía psicomotriz**, fundamentalmente no referido aos procesos implicados na adquisición do proceso de lectoescritura.
 - **Programa de desenvolvemento das habilidades básicas de autonomía personal.**
 - **Programa de intervención centrado na corrección das diferentes dislalias fisiolóxicas.**
 - **Programa de estimulación cognitiva-** para a prevención das dificultades lectoescritoras que se implementará nas aulas de 5 anos co alumnado desta idade para estimulación dos diferentes procesos cognitivos (planificación, atención, simultáneo e secuencial).
- ✓ **Programa de habilidades sociais**

O programa de habilidades sociais está directamente relacionado co programa de educación emocional e os obxectivos están centrados basicamente en aspectos comunicativos:

- Comprender a utilidade de canalizar os propios sentimentos para que exista unha efectiva comunicación.
- Aprender diferentes técnicas de comunicación que faciliten a comunicación asertiva.
- Dar importancia aos componentes non verbais da comunicación.
- Entender as diferentes habilidades sociais básicas e aplicarlas.
- Diferenciar diferentes contextos de comunicación dentro da escola e saber controlar o modo de dirixirse aos demais en cada un deles.

Para o desenvolvemento destes obxectivos traballaranse os seguintes contidos:

- Aspectos básicos da comunicación verbal e non verbal
- Primeiras habilidades sociais básicas: escoitar, iniciar conversación, manter unha conversación, facer preguntas, dar as grazas.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Asertividade.
- Autoafirmacións positivas.
- Habilidades sociais máis avanzadas: pedir axuda, participar, dar instrucións, seguir instrucións, disculparse.

7. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

- Os reforzos realizaranse preferentemente dentro da aula ordinaria, sobre todo en educación infantil e primeiros cursos de educación primaria.
 - Recibirá apoio fora da aula o alumnado cando se considere que coa atención personalizada da titora non van lograr superar os obxectivos do curso.
 - Se o desfase curricular é significativo ou se é preciso agrupar alumnos de distintos grupos e/ou niveis serán fóra da aula.
 - O horario dos apoios de PT e AL deberán coincidir coas áreas instrumentais.
 - O horario de apoio determinarase a comezo de curso nunha reunión da orientadora e os apoios para atender ao alumnado que xa quedou determinado do curso anterior. As novas necesidades concretaranse nos meses de setembro e outubro despois das avaliacións iniciais do profesorado e da valoración dos titores, responsable de centro e Xefatura de Orientación.
 - Os pais dos alumnos/as que reciben apoio fóra da súa aula ordinaria serán informados do horario de reforzo e dos obxectivos que se pretenden con el.

8. ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS.

Titoras e titores:

As titoras e titores contribúen neste Plan mediante a:

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Participación no desenvolvemento do P.A.T. e das actividades de orientación baixo a coordinación da responsable de centro e a colaboración da xefa do departamento de orientación.
 - Avaliación inicial do nivel de competencia curricular dos alumnos e alumnas en colaboración co Departamento de Orientación do centro.
 - Detección de posibles necesidades educativas especiais despois da avaliación inicial.
 - Comunicación á responsable de centro e a xefa do departamento de orientación dos casos detectados para iniciar a avaliación e articular a continuación as medidas pedagóxicas necesarias.
 - Colaborar ca xefa do D.O. na avaliación psicopedagóxica.
 - Facilitar a integración do alumnado no grupo
 - Fomentar a participación nas actividades do centro.
 - Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos /as ca xefa do D.O e adoptar a decisión que proceda acerca da súa promoción interciclo
 - Informar a familia e mestres do alumnado que presenta n.e.e. sobre todo aos que lles afecte en relación coas actividades docentes e rendimento académico.

Apoios específicos: mestre de apoio.

O mestre de apoio é o especialista para desenvolver e promover a prevención das dificultades xeneralizadas de aprendizaxe e tamén para intervir de forma eficaz cando estas dificultades así o manifesten.

As áreas de intervención son moi amplas e variadas, concretadas nos seguintes ámbitos:

- Percepción visual e auditiva.
- Memoria.
- Habilidades básicas de aprendizaxe: discriminación visual e auditiva, motricidade fina e grossa, conceptos básicos (relacións temporais, espaciais, cualitativas e cuantitativas), atención e concentración, aptitudes lingüísticas e socio-cognitivas.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Dificultades disgráficas
- Alteracións na lectura e na escritura (substitucións, rotacións, omisións, adicións).
- Habilidades matemáticas básicas.
- Técnicas de estudo e estratexias de aprender a aprender.
- Problemas emocionais que inflúen no proceso de ensino- aprendizaxe.

Tamén incidirá nos aspectos lingüísticos que sexan precios. Necesidades asociadas a: Alteracións da fala:

- Relacionadas coa respiración, co sopro, discriminación auditiva, pronunciación, sons, comprensión ou expresión da linguaxe.
- Relacionadas coa articulación: dislalias e disglosias.
- Relacionadas coa fluidez: disfemia, taquifemia, tartamudez...
- Relacionadas coa voz: disfonías e afonías.
- Alteracións da linguaxe relacionadas coa comunicación, afectando outros aspectos os aspectos comunicativo-lingüísticos, fonolóxicos así como comprensión e expresión.
- Alteracións da linguaxe: simples, moderadas ou graves. Disfasias e afasias...

Ademais tamén colaborarán en:

- Na elaboración e desenvolvemento de programas relacionados coa comunicación e a linguaxe que forman parte do Proxecto Educativo, nas Programacións de curso/aula e nas AC.
- No asesoramento ao profesorado na prevención e estimulación da linguaxe oral e escrita, especialmente na educación infantil e nos primeiros cursos de Ed. Primaria.
- Na valoración e seguimento da evolución da linguaxe.
- Na participación para a mellora da linguaxe.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Equipo directivo:

As funcións do equipo directivo segundo este Plan consisten en :

- Habilitar os recursos adecuados para a atención individualizada do alumnado con n.e.e.
- Coordinación con todos os profesionais que participan na aplicación do Plan de Atención á Diversidade.

Departamento de orientación:

Ten como funcións prioritarias:

- Asesorar e aportar materiais para o desenvolvemento do P.A.T.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con n.e.e.
- Elaborar estratexias específicas para a atención á diversidade.
- Asesorar dende as reunións de Departamento dos obxectivos de ciclo, criterios de avaliación, criterios mínimos de avaliación e criterios de promoción.
- Orientar sobre a proposta curricular.
- Asesoramento sobre as posibilidades de apoio e a temporalización do mesmo
- Asesoramento ás titoras/es para a elaboración de AC, seguimento do proceso e avaliación
- Información á familia sobre os resultados da avaliación psicopedagóxica e sobre a adopción das medidas educativas que se derivan da mesma.
- Coordinación e colaboración coa mestra de P.T. e xefa de estudos no deseño de medidas que faciliten unha resposta diversificada na aula.
- Deseño de actividades que permitan que cada alumno /a traballe segundo o seu nivel de competencia curricular.
- Facilitar aos titores /as estratexias para o acceso dos alumnos/as ás diferentes etapas e a promoción interciclos.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Fomentar a cooperación familia-escola.
- Coordinación e colaboración con outros servizos externos á escola.

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS.

Os equipos docentes coordinaranse para atender á diversidade do alumnado de cada grupo, mediante:

- Criterios comúns de actuación.
- Análise das necesidades educativas do grupo e de cada alumno ou alumna
- Acordos sobre o grupo e sobre cada alumno ou alumna

10. COLABORACIÓN COAS FAMILIAS.

Dende a titoría e os servizos de Orientación informarase e asesorarase ás familias do alumnado, especialmente dos que presenten NEAE, e valorarase a súa participación e colaboración para que a resposta educativa sexa coherente e eficaz.

11. COLABORACIÓN CON SERVICIOS EXTERNOS AO CENTRO.

O centro manterá contactos cos profesionais que actúen sobre alumnado do centro para coordinar e facer seguimento:

- Equipo de Orientación Específico.
- Unidade de Saúde Mental Infante Xuvenil.
- Servizos Sociais.
- Profesionais de apoio externos.

12. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS. (ANEXOS)

- Solicitud de avaliación psicopedagóxica polos titores/as.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Autorización de avaliación psicopedagóxica, país.
- Autorización permanencia dun ano máis en infantil ou primaria.
- País manifestan coñecer elaboración ACI.
- Comunicado a país informando de apoio de AL.
- Comunicado a país informando de apoio de PT.

13. DOCUMENTOS COMPLEMENTARIOS

- Plan de Acción Titorial.
- Plan de Acollida.
- Plan de Orientación.
- Protocolo de atención alumnado con TDAH.
- Protocolo de atención alumnado con TEA.

14. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O desenvolvemento, seguimento e avaliación do PAD correspóndelle ao equipo directivo do centro.

Avaliarase os resultados obtidos polo alumnado e o plan propiamente dito.

Nas reunións de avaliación e ao final de cada curso analizarase a súa adecuación á realidade do Centro e deseñaranse as modificacións precisas en canto ao alumnado e recursos humanos e materias previstos para o curso seguinte.

Pasos a seguir: análise e avaliación nas reunións de ciclo, posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica, inclusión das valoracións na memoria final.

A revisión do Plan de Atención á Diversidade realizarase a principio de curso.

O departamento de orientación, atendendo ás conclusións obtidas na avaliación de final do curso anterior, elaborará a proposta de concreción anual que formará parte da programación xeral anual.

15. ANEXOS.

ANEXOS

PROTOCOLO DE AVALIACIÓN INICIAL DE EDUCACIÓN INFANTIL

NOME E APELIDOS DO/A ALUMNO/A:

.....
Ano académico: **Curso:** 4º de educación infantil
Profesor/a titor/titora:
.....

I.- DESENVOLVEMENTO DA SOCIALIZACIÓN

A.- AUTONOMÍA PERSOAL

1.- Hábitos de aseo persoal	SI	AV	NON
01.- Pide ir ao baño			
02.- Lava as mans sen axuda			
03.- Sube e baixa as cremalleiras			
04.- Sube e baixa o pantalón e outras prendas de vestir			
05.- Colle o pano el só e limpa o nariz			
2.- Hábitos de vestido			
01.- Quita o abrigo, chaqueta, mandilón, etc., xa desabotonado			
02.- Coloca o abrigo na percha			
03.- Abotónase			
3.- Coidado co corpo			
01.- En caso de accidente, sabe explicar que pasou			
02.- En caso de accidente, sabe explicar onde foi			
03.- Pide axuda ou deféndese cando o agreden			
04.- Pide axuda ou deféndese cando o precisa			

B.- RELACIÓN COS DEMÁIS

	SI	AV	NON
01.- Mira cara a persoa que di o seu nome			
02.- Expresa emocións de alegría, tristeza, etc.			
03.- Saúda cando o saúdan			
04.- Segue ordes sinxelas do profesor ou doutro adulto			
05.- Dirixese ó profesor de forma espontánea para pedir algo			
06.- Cumple as normas establecidas e aceptadas por todos			
07.- Cesa nunha actividade se se lle chama a atención			
08.- É coidadoso e ordeado co material propio ou alleo			

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

09.- Relaciónase cos compañeiros/as			
10.- Comunícase verbalmente cos compañeiros/as			
11.- É aceptado polos seus compañeiros/as			
12.- É agresivo cos compañeiros/as			
13.- Reacciona agresivamente se lle quitan algo			
14.- Participa nos xogos e actividades de grupo			
15.- Fai preguntas aos compañeiros/as			
16.- Diríxese aos compañeiros/as para pedirilles algo			
17.- Deixa traballar aos compañeiros/as sen molestalos/as			

II.- DESENVOLVEMENTO PSICOMOTOR

A.- PSICOMOTRICIDADE GROSA

	SI	AV	NON
01.- Anícase e recolle un obxecto dobrando os xeonllos			
02.- Camiña con estabilidade e sen tropezar coas persoas			
03.- Baixa escaleiras colocando un pé en cada chanzo, agarrado á baranda			
04.- Salta cos pés ao mesmo tempo			
05.- Intenta aguantarse sobre un só pé			
06.- Camiña cara atrás			
07.- Camiña de puntiñas			
08.- Camiña sobre unha liña recta			
09.- Lanza a pelota coas dúas mans			

B.- PSICOMOTRICIDADE FINA E PREESCRITURA

	SI	AV	NON
01.- Colle obxectos pequenos co índice e o pulgar			
02.- Fai bolas e churros con plastilina			
03.- Enche figuras amplas e sinxelas			
04.- Reproduce o círculo, a vertical e a horizontal			

C.- ESQUEMA CORPORAL E ORIENTACIÓN ESPACIAL

	SI	AV	NON
01.- Recoñece a súa propia imaxe no espello			
02.- Identifica as partes da cara. Nº			
03.- Identifica as principais partes do corpo e noméaaas			
04.- Identifica as partes do corpo nun debuxo e noméaaas			

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

05.- Realiza as cousas coa man dereita			
06.- Realiza as cousas coa man esquerda			
07.- Realiza as cousas coa man esquerda/dereita indistintamente			
08.- Sabe colocar/se un obxecto enriba/debaixo dunha mesa			
09.- Sabe colocarse diante/detrás dunha cadeira			
10.-Sabe colocar/se algo á carón de			
11.- Sabe colocarse lonxe de/preto de			
III.- DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE			

A.- CAPACIDADES PREVIAS Á LINGUAXE ORAL			
	SI	AV	NON
01.- É quen de soprar			
02.-Mastica os alimentos			
03.-Ten control da salivación			
04.-Imita movementos de lingua e beizos			
05.- Reproduce palabras			
06.-Comprende xestos usuais			
07.-Exprésase con xestos comprensibles cando non ten LO			
08.-Escoita con atención cando lle falan			
09.-Controla voluntariamente a inspiración-expiración			
10.-Imita sons vocálicos			
11.-Imita correctamente a pronuncia de sílabas directas			
12.- Imita correctamente a pronuncia de sílabas inversas			
13.- Imita correctamente a pronuncia de sílabas trabadas			
B.- COMUNICACIÓN ORAL COMPRESIVA			
	SI	AV	NON
01.- Executa ordes sinxelas			
02.- Identifica obxectos de uso común			
03.- Identifica imaxes de obxectos			
04.- Escoita contos			
C.- COMUNICACIÓN ORAL EXPRESIVA			
	SI	AV	NON
01.- Nomea obxectos familiares e obxectos en imaxes			
02.- Sabe dicir o seu nome e apelidos			
03.- Emprega o pronome "eu"			
04.- Utiliza a palabra-frase na súa linguaxe			

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

espontánea			
05.- Sabe dicir o nome dos seus familiares, profesora e compañeiros/as			
06.- Ante un debuxo, responde a pregunta ¿qué fai/fan?			
07.- Exprésase con frases que levan suxeito, verbo e complemento/s			
08.- É quen de manter un diálogo			
09.- Articula cte sílabas directas na linguaxe espontánea			
10.- Articula cte sílabas inversas na linguaxe espontánea			
11.- Articula correctamente sílabas trabadas na linguaxe espontánea			
12.- Pode contar algún acontecemento que lle en de pasar			

PLAN DE AVALIACIÓN DA LINGUAXE ORAL

FUNDAMENTACIÓN TEORICA

As referencias legais para este Plan son:

- O decreto 120/1998 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia. (DOG do 27 de abril de 1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998. (DOG do 30 de xullo de 1998).

OBXECTIVO

Avaliar a linguaxe oral de todo o alumnado de 6º Nivel de Educación infantil co fin de detectar deficiencias na linguaxe oral e así podelas subsanar na maior brevidade posible co fin de evitar posteriores dificultades na aprendizaxe da lecto-escritura.

ALCANCE: todo o alumnado do 6º curso de educación infantil.

TEMPORALIZACIÓN: meses de xaneiro e febreiro.

ACTIVIDADES

Aplicación de probas psicopedagóxicas:

- Rexistro Fonolóxico Inducido de Marc Monfort

Coordinación entre o profesorado:

- Analizar os resultados das probas aplicadas a aula.
- Analizar os resultados de cada un dos alumnos.
- Preparar material para reforzar aspectos que se consideren necesario dentro da aula.
- Preparar material para reforzar os aspectos de cada alumno individualmente.
- Organizar os reforzos segundo sexa necesario, dentro ou fora da aula.
- Complementar as avaliacións cando sexa necesario.
- Informar aos pais e nais dos alumnos/as cando se considere necesario ou cando eles o demanden.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

RESPONSABLES: Orientadora, mestre titor e mestre de Audición e Linguaxe/
Pedagogía Terapéutica

SEGUIMIENTO: meses de xuño do presente curso, setembro do vindeiro curso e sempre que a sexa preciso.

PLAN DE AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO DE 1º DE PRIMARIA

FUNDAMENTACIÓN TEORICA

As referencias legais para este Plan son:

- O decreto 120/1998 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia. (DOG do 27 de abril de 1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998. (DOG do 30 de xullo de 1998).
- ORDEN de 21 de outubro de 2022 por la que se desarrolla el Decreto 13/2022, de 3 de febrero, y se regula el procedimiento de admisión del alumnado en los centros docentes sostenidos con fondos públicos que imparten enseñanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato reguladas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación

OBXECTIVO

Avaliar a todo o alumnado que comeza a etapa de educación primaria co fin de proporcionarlle unha boa orientación académica e unha atención individualizada e propiciar unha integración adecuada no centro e no seu entorno familiar e social.

ALCANCE: todo o alumnado que comeza a Educación Primaria.

TEMPORALIZACIÓN: meses de outubro e novembro.

ACTIVIDADES

- **PROBAS DE AVALIACIÓN INICIAL NAS COMPETENCIAS MATEMÁTICAS E LINGÜÍSTICAS.**

Coordinación co profesorado:

- Analizar os resultados das probas aplicadas a aula tanto a nivel individual coma de grupo.
- Preparar material para reforzar na aula aspectos necesarios.
- Preparar material para reforzar os aspectos de cada alumno en particular.
- Organizar os reforzos según sexa necesario dentro ou fora da aula.
- Complementar as avaliacións cando sexa necesario.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Informar e orientar aos pais dos alumnos/as cando sexa preciso ou o demanden.

RESPONSABLES: Orientadora, Profesor/a titor/a, profesores de área, profesora de pedagogía terapéutica e profesora de audición e linguaxe.

PLAN DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO DE ED. PRIMARIA

FUNDAMENTACIÓN TEORICA

As referencias legais para este Plan son:

- Decreto 120/1998 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia. (DOG do 27 de abril de 1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998. (DOG do 30 de xullo de 1998).

OBXECTIVO

Avaliar a todo o alumnado que remata a etapa de educación primaria co fin de facer un seguimento e así proporcionarlle a este alumnado un bo servizo de orientación académica, e una atención individualizada aos seus problemas de carácter persoal para posibilitar una integración o máis completa posible na comunidade educativa do centro, e no seu entorno familiar e social

ALCANCE: Todo o alumnado que remata na etapa de Educación Primaria .

TEMPORALIZACIÓN: Meses de abril e maio.

ACTIVIDADES:

PROBAS DE AVLIACIÓN FINAL DE CICLO

Coordinación co profesorado:

- Analizar os resultados das probas aplicadas a aula.
- Analizar os resultados de cada un dos alumnos.
- Preparar material para reforzar os aspectos que se considere necesario na aula.
- Preparar material para reforzar os aspectos de cada alumno en particular.
- Organizar os reforzos según sexa necesario dentro ou fora da aula.
- Complementar as avaliacións cando sexa necesario.
- Informar e orientar aos pais dos alumnos/as cando sexa preciso ou o demanden.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

RESPONSABLES: Orientadora, mestre titor e mestres de área, mestre de Pedagogía terapeuta e profesora de audición e linguaxe.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ESCALA DE OBSERVACIÓN DA CONDUCTA DO ALUMNO OU ALUMNA

ALUMNO/ALUMNA _____ CURSO _____

DATA _____

➤ TRABALLO ESCOLAR.

	NUNCA	CASI NUNCA	AS VECES	CASI SEMPRE	SEMPRE
Chega a clase con puntualidade.					
Está atento as explicacións do mestre.					
Realiza as tarefas que se lle mandan para a casa.					
Ante o fracaso nunha actividade, sabe recoñecelo para mellorar.					
Amosase alegre e feliz na clase.					
Cumpre coas tarefas escolares.					
Colabora con interese cando se lle pide..					

➤ RELACIÓN CO MESTRE.

	NUNCA	CASI NUNCA	AS VECES	CASI SEMPRE	SEMPRE
Dirixese ao mestre de forma correcta.					
Cando precisa algo, pídeo de forma correcta.					
Acepta que o mestre o corrixa cando algo non está ben.					
Cando considera que non é xusto o trato do mestre, pide explicacións e da razóns por non sentir un trato xusto.					
Mira a cara do seu interlocutor cando fala con el.					
Cando fai o traballo individual, permanece en silencio sen molestar os compañeiros.					

➤ RELACIÓN COS IGUAIS.

	NUNCA	CASI	AS	CASI	SEMPR
Nunha conversa, respecta o turno					

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

de palabra.					
Acepta os acordos da maioría.					
Valora e ten en conta as opinións dos demais.					
Cando molesta a alguén, pide disculpas e expresa a intención de que non se repita.					
Fai uso das normas de cortesía: saúdo a entrada, pedir por favor, dar as grazas,...					
Respecta e coida das instalacións do centro e o material dos compañeiros.					

➤ NA AUTONOMÍA PERSOAL: SALIENTAR O MÁIS DESTACADO.

AVALIACIÓN DA LINGUAXE ORAL

PROBA DE VALORACIÓN

ALUMNO/ ALUMNA.....

CURSO.....ETAPA.....

DATA.....

ACCESO A FALA

	Si	Non	As veces
1. Retén e expulsa o aire de xeito voluntario.			
2. Vocaliza correctamente.			
3. Articula correctamente as palabras do seu vocabulario.			
4. Articula os fonemas da lingua.			
5. Articula sinfóns.			
6. Discrimina auditivamente palabras.			
7. Discrimina auditivamente sílabas.			
8. Discrimina auditivamente fonemas.			
9. Identifica obxectos existentes nunha lámina.			
10. Diferencia obxectos nunha lámina.			

COMPRESIÓN ORAL

	Si	Non	As veces
1. Remata frases iniciadas por outros (compañeiros, adultos...).			
2. Completa analoxías.			
3. Indica contrarios sinxelos.			
4. Recoñece os efectos de causas simples.			
5. Identifica erros nunha frase.			
6. Comprende o significado de palabras usuais.			
7. Executa mandatos complexos.			

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

8. Responde a preguntas dun relato.			
9. Fai inferencias lóxicas a partires dunha palabra, frase ou texto.			
10. Identifica o qué dun relato.			

TAREFAS ESCOLARES.

A hora de valorar o desenvolvemento da linguaxe teremos en conta os seguintes aspectos xerais na aprendizaxe:

- Se amosa falla de atención.
- Se non está centrado/a na súa tarefa o que fai que responde sen pensar e sen reflexionar, e polo tanto de forma inadecuada.
- Se as veces parece que ten falla de interese polas actividades escolares.
- Se traballa cando o mestre está ao carón del/la, e senón non sabe que facer.
- Se ten falla de constancia nas tarefas, e o que aprende un día non lle serve para outro.
- Se precisa facer exercicios que requiran pouco tempo de duración.
- Se na aula é moi inqueda, e non é capaz de estar traballando de xeito tranquilo.
- Se carece de hábitos de traballo e non comprende varias órdenes nunha mesma actividade.

DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE.

Teranse en conta os seguintes aspectos lingüísticos:

- ❑ Se se aprecian dificultades nos órganos fonoarticulatorios.
- ❑ Se é capaz de colocar os órganos fonadores no punto correcto de articulación.
- ❑ Se ten pobreza de vocabulario (domina o referido ao seu entorno familiar), deficiente construción da frase, retraso simple da fala e da linguaxe.
- ❑ Se na linguaxe espontánea se lle entende o que fala ou ten linguaxe de “bebè”.
- ❑ Se na realización dos exercicios dirixidos, é capaz de imitar e repetir palabras de máis de tres sílabas.
- ❑ Se amosa dificultades na articulación de determinados fonemas, nas sílabas *trabadas*, ou na construción das frases .
- ❑ Se se aprecian dificultades de relaxación.

O XOGO.

Se na realización dos xogos:

- ❑ Carece de imaxinación.
- ❑ Se non é capaz de xogar de forma autónoma con puzzles.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Se xoga con nenos da súa idade.

Explicar en que situacións o/a neno/a amosa maiores dificultades.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

SOLICITUDES DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

SOLICITUDE DE VALORACIÓN PARA A ED. INFANTIL

DATOS XERAIS:

Nome do alumno/a:

Idade:

Curso:

Data de nacemento:

Titor/a

Data de solicitude del informe:

Describe o seu rendemento concretado por áreas (comunicación, linguaxe, cálculo, idioma, psicomotricidade, etc.) (Información recollida na avaliación inicial)

Tivo algún tipo de dificultade en cursos anteriores, de fala, comprensión de conceptos básicos, atención, memoria...

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

--

Hai aspectos destacables do seu desenvolvemento infantil anterior? A titoría ten algún informe que nos facilite información relevante para dotar de axudas ao alumno/a.

--

Cal é a súa actitude na aula (atención, motivación, tarefas, carácter...)

--

Como é a adaptación e relación escolar e familiar.

--

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Describe o problema detectado e que orixina a demanda:

--

Sinala cal cres que é a causa máis importante dos seus problemas.

Capacidade	Prerrequisitos da lecto-escritura	
Atención	Motivación	
Memoria		
Situación familiar	Relación social	Cálculo
Trastornos da fala	Adaptación escolar	
Autoestima		
Dificultades motóricas	Discapacidade sensorial	
Agresividade		
Saúde	Psicomotricidade	
Lateralidade	Control emocional	Outros

Que aspectos dos sinalados no cadro anterior interesa que se valoren?

--

Se dispon dalgunha información relevante do alumno/a, engadila aquí:

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En _____, a _____ de _____ de 20__

Asdo. _____

O/A Titor/a

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

SOLICITUDE DE VALORACIÓN PARA A ED. PRIMARIA.

CENTRO: _____

APELIDOS E NOME: _____

DATA DE NACEMENTO: ___/___/____. CURSO.: _____

1. Describe o seu rendemento concretado por áreas (Información recollida na avaliación inicial)

- | | |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> Dificultade e lentitude xeneralizada | <input type="checkbox"/> Retraso escolar xeral. |
| <input type="checkbox"/> Dificultade na linguaxe | <input type="checkbox"/> Problemas de comportamento |
| <input type="checkbox"/> Dificultades na lectoescritura | <input type="checkbox"/> Dificultades no cálculo |
| <input type="checkbox"/> Outros | |

(Especificar): _____

2. Nivel de Competencia Curricular

• **Área de Lengua Castellana e Literatura:**

- Nivel alcanzado (indicar qué nivel/curso ten adquirido): _____

- **Linguaxe Oral** (Subliñar o que proceda):

Articula correctamente todos os sonidos do idioma--Confunde habitualmente algúns sons--
- Estructura ben as frases-- Posúe unha linguaxe fluida-- Comprende órdenes sinxelas--
Comprende órdenes complexas-- Comprende un relato--O vocabulario é axeitado a súa idade.

(Especificar): _____

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Lectura** (Subliñar):

Nivel lector: prelectura---silábica---vacilante---expresiva.

Comprensión lectora: Moi baixa---baixa---normal---alta---moi alta.

Erros que suele cometer: Sustituções---Adicións---Inversións---omisións---outros.

(Especificar): _____

Escritura (Subliñar):

Copia: ilexible---con moitos erros---normal---boa.

Ditado: sólo palabras---frases---textos.

Escritura libre: sólo palabras---frases---historias.

Errores que suele cometer: : Sustituções---Adicións---Inversións---omisións

---Defectuosa separación de palabras---outros.

(Especificar): _____

• **Área de Matemáticas:**

- Nivel alcanzado (indicar qué nivel/curso ten adquirido): _____

- **Numeración:**

Conta ata _____.

Escribe cantidades ao ditado ata _____.

Lee cantidades ata _____.

- **Cálculo** (Subliñar o que proceda):

Non realiza sumas. Suma sin levada. Suma con levada.

Non realiza restas. Resta sin levada. Resta con levada.

Non realiza multiplicacións. Realiza multiplicacións _____.

Non realiza divisións. Realiza divisións _____.

- **Solución de Problemas:** _____

(Especificar): _____

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Resto de áreas** (indicar de forma xeral cómo e o seu rendemento):

3. Observacións e Rexistro do Estilo de Aprendizaxe do Alumno/a. Subliñar o que proceda.

A. Autoestima: Grado que manifiesta na súa forma de expresarse ou comportarse.

Moi Baixa Baixa Media Alta Moi Alta

B. Motivación:

a) Motivos ou razóns que lle impulsan a actividade escolar:

- reforzadores primarios (golosinas, xoguetes, etc)
- sociais (alabanzas, expresiones de afecto...)
- situacionais (recoller, ordenar, facer recados, repartir material,...)

b) Grado de dependencia do reforzó na aula:

Imprescindible Casi sempre necesario As veces

c) Ubicación temporal do refuerzo:

Antes da tarefa Durante a tarefa Despois da tarefa

4. Características xerais. Sinale o que proceda.

- | | | |
|--|-----------|------------|
| - Na resolución de tarefas: Pensa as cousas antes de facelas | SI | NON |
| - Na resolución de tarefas: Actúa impulsivamente | SI | NON |

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- | | | | |
|---|------------------------|----------------------|----------------|
| - Nivel de concentración ante as tarefas: | Baixo | Adecuado | Alto |
| - Hai que recordarlle frecuentemente o que ten que facer? | SI | NON | |
| - O seu ritmo de traballo é: | Lento | Normal | Rápido |
| - Desarrolla o traballo de forma: | Desordenada | Ordenada | |
| - ¿Traballa mellor individualmente ou en grupo?: | Individualmente | En grupo | |
| | Ambas | | |
| -No traballo é: | Responsable | Irresponsable | |
| No traballo é: | Dependiente | Independiente | |
| - Recorda mellor as cosas que: | Le | Escoita | Escribe |
| - Que lle gusta facer? _____ | | | |
| - En qué lugares e con quen se porta ou se sente mellor?: _____ | | | |
| - Qué actividade escolar lle gusta máis?: _____ | | | |
| - É sociable cos demais? _____ | | | |

Describe o problema detectado e que orixina a demanda:

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En _____, a _____ de _____ de
2.0_

Asdo. _____
O Titor/a

DOCUMENTO INDIVIDUAL DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

ALUMNO/ALUMNA:.....

DATA DE NACEMENTO.....

NIVEL ESCOLAR.....

CURSO.....

CENTRO.....

LOCALIDADE.....

DATA DE ELABORACIÓN.....

DURACIÓN PREVISTA.....

RESPONSABLES DO PROCESO

MESTRE TITOR.	
ORIENTADORA	
MESTRE DE P.T.	
MESTRE DE A.L.	
DIRECTOR/ RESPONSABLE DE CENTRO.	

1. INFORMACIÓN DA HISTORIA PERSOAL DO ALUMNO:

- a. Escolarización previa.
- b. Aspectos relevantes na historia do alumno (médicos, psicopedagóxicos, datos evolutivos, datos ambientais...).
- c. Previsión de servicios fora da escola.(logopeda, fisioterapeuta, estimulación, psicomotricista...).
- d. Contexto escolar.
 - Aspectos que favorecen (dotación de recursos persoais, materiais, coordinación de apoios, eliminación de barreiras, organización da aula, metodoloxía empregada...)
 - Aspectos que dificultan.
- e. Contexto sociofamiliar.
 - Aspectos que favorecen(colaboración co centro, nivel socioeconómico, dotación de materiais na casa ...)
 - Aspectos que dificultan.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

2. INFORMACIÓN DO DESENVOLVEMENTO XERAL DO ALUMNO.

Recollemos información da linguaxe do alumno, vocabulario, maneira de afrontar as tarefas, recursos persoais empregados ,preferencia de asignaturas, relación co mestre, relación cos compañeiros....

3. NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR.

Recollemos información do que o neno é capaz de facer nas distintas áreas.

- Área de lingua.
- Área de matemáticas.
- Área de coñecemento do medio.

4. ESTILO DE APRENDIZAXE.

Cales son os seus reforzadores ,con que actividades se reforza mais, como é a súa atención, en que momentos atende mellor,que tipo de motivación ten, como é o traballo en grupo, como é a súa autonomía.

5. NECESIDADES EDUCATIVAS DO ALUMNO OU ALUMNA.

Que necesita o alumno ou alumna a nivel de: linguaxe, conceptos básicos, programas de atención e memoria, metodoloxía, organización das tarefas , organización da aula, mellora da autoestima, coordinación de recursos e apoios.

6. PROPOSTA DE ADAPTACIÓN.

- Currículo de referencia..
- Nivel de competencia curricular por áreas.
- Competencias adquiridas.
- Proposta concreta das áreas ou materias adaptadas (currículo adaptado)

7. PROPUESTA DE SEGUIMIENTO E REVISIÓN

8. PERSOAS PARTICIPANTES

REFORZO EDUCATIVO

FICHA DE SEGUIMENTO DO REFORZO EDUCATIVO

ALUMN@

IDADE.....

CURSO..... **NIVEL**.....

DATA.....

1. DATOS XERAIS:

- Tempo de reforzo recibido polo mestre de apoio.
- Apoio dentro ou fora da aula.
- Áreas traballadas.
- Interese e motivación do alumno durante este tempo de traballo.

2. GRADO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

ÁREA DE LENGUA

- Linguaxe oral (comprensión e expresión verbais, vocabulario, fluidez...)
- Lectura (lectura mecánica: ritmo, entoación, pausas, repeticións, titubeos...; lectura comprensiva: capta-la idea xeral, captar detalles, sacar conclusións...)
- Escritura: copia, dictado, descripción, escritura espontánea...; erros na ortografía natural...

ÁREA DE MATEMÁTICAS

- Competencia matemática:
 - Coñece os conceptos básicos.
 - Operacións fundamentais:
 - Concepto de suma:

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Comprende o concepto.
- Aplica o concepto a materiais concretos.
- Emprega o algoritmo correspondente.
- Coñece e domina os mecanismos da suma con levadas.
 - Concepto de resta:
 - Comprende o concepto.
 - Aplica o concepto a materiais concretos.
 - Emprega o algoritmo correspondente.
 - Coñece e domina os mecanismos da resta con levadas.
 - Concepto de multiplicación:
 - Comprende o concepto.
 - Aplica o concepto sobre números, empregando o algoritmo correspondente.
 - Sabe aplica-lo concepto empregando o algoritmo da suma.
 - Ten automatizado o coñecemento da tabla.
 - Concepto de división:
 - Comprende o concepto.
 - Aplica o concepto sobre materiais concretos.
 - Aplica o concepto sobre números, empregando o algoritmo adecuado.
- Lectura e escritura de cantidades.
 - Le cantidades ata:
 - Escribe cantidades ata:
 - Coñece o valor posicional das cifras.
- Resolución de problemas.
 - Reflexiona na lectura dun problema antes de iniciar a resolución.
 - Anticipa solucións razoables ou faino de forma aleatoria.
 - Acostuma a representar o problema de forma gráfica empregando os datos que se lle da.
 - É quen de resolver problemas con materiais manipulativos.
 - Que algoritmos sabe empregar para resolver problemas.
 - É capaz de resolver problemas con varias operacións combinadas.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

3. *Materiais empregados.*
4. *Conclusións do traballo realizado.*
5. *Propostas para o vindeiro curso escolar.*

A Veigade.....20

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

DOCUMENTO DE FLEXIBILIZACIÓN DA ESCOLARIDADE.

Dona _____ e don
_____ nai e pai do/a alumno/a
_____ escolarizado no CEIP Bibeí en Viana do Bolo,
no segundo ciclo de Educación Infantil/____ ciclo de Educación Primaria.

Manifestan estar dacordo con que o seu fillo/a permaneza un ano
máis no _____ ciclo de Educación Infantil/Primaria.

A Veiga a ____ de _____ de 20____

Asdo.: _____

DNI nº _____

Asdo.: _____

DNI nº _____

AUTORIZACIÓN AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Don/ Dona.....

Pai/Nai do/a alumno/a.....

Escolarizado/a no Ceip Eduardo Ávila Bustillo de A Veiga,

Unha vez informado/a da necesidade de facer unha valoración do meu fillo/a pola Orientadora do Departamento de Orientación do centro.

Manifesto o meu (sinalar unha opción):

.....Acordo

.....Desacordo

Para que dende o Departamento de Orientación se faga a avaliación que permita determinar as necesidades do alumno/a, para unha mellora da súa aprendizaxe e se lle de a resposta educativa precisa.

En A Veiga, ade.....do 202.....

Asdo:.....

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

COMUNICADO DE ELABORACIÓN AC

INFORMACIÓN ADAPTACIÓN CURRICULAR
Información á familia da Adaptación Curricular do alumno/a.

“De acordo co establecido na *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

(Artigo 55 . 5 das Adaptacións curriculares)”

D/Dña _____
en calidade de pai/nai do alumno/a _____
escolarizado no CEIP Eduardo Ávila Bustillo de A Veiga , no curso _____
_____.

Son informado/a da Adaptación Curricular do meu fillo, que o equipo docente realiza para o curso _____.

A Veiga, a _____ de _____ de 202_____

Asinado:

pai/nai do alumno/a

COMUNICADO A PAIS INFORMANDO DE APOIO DE PT

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Don/
Dona.....
Pai/Nai da
alumno/a.....

Escolarizado no Ceip Eduardo Ávila Bustillo de A Veiga

Unha vez informado da necesidade de facer un apoio pola mestra de PT do centro, para darlle a resposta educativa que precisa e acadar unha mellora na súa aprendizaxe.

Manifesto o meu:

Acordo

Desacordo

De non estar de acordo explique os motivos que considera para que o centro educativo non interveña nunha mellora na aprendizaxe do seu fillo/a.

.....
.....
.....
.....
.....

En a Veiga, ade.....do 202.....

Asdo:.....

PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO OU RECUPERACIÓN

Titor/a:	
Nome do alumno:	
Ano escolar	
Data de nacemento:	
Curso:	

SITUACIÓN ESPECÍFICA QUE REQUIRE REFORZO EDUCATIVO:

- 1.- Alumno/a que permanece un ano máis no ciclo.
- 2.- Alumno/a que non acadou o nivel suficiente nalguna das áreas .

HISTORIAL EDUCATIVO.

- 1.- Información significativa: Informes médicos ou psicopedagóxicos, cambios de centro, absentismo escolar, apoios recibidos, áreas non superadas e situación familiar.

--

- 2.- Aspectos relevantes que dificultan ou favorecen o aprendizaxe.

	Favorecen	Dificultan
Asistencia.		

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Participación na aula.		
Hábitos de estudo.		
Motivación para aprender.		
Grao de autonomía.		
Responsabilidade e autoesixencia.		
Relación cos compañeiros.		
Colaboración familia – centro.		

3.- ÁMBITOS E ÁREAS QUE NECESITAN REFORZO.

ÁMBITO PERSOAL.

--

ÁMBITO SOCIAL.

--

ÁMBITO FAMILIAR.

--

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ÁMBITO CURRICULAR.

4.- RECOMENDACIÓNS DE TRABALLO DENTRO DA AULA.

1. LINGUA CASTELÁ.

Comprensión oral

Comprensión escrita

Expresión oral

Expresión escrita

ORIENTACIÓNS PARA TRABALLAR.

2 .- MATEMÁTICAS.

Numeración.

Cálculo.

Medidas.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Espazo, formas e xeometría.

Resolución de problemas.

Interpretación de planos.

ORIENTACIÓNS PARA TRABALLAR.

5. HORAS SEMANAIS DE REFORZÓ:

MATERIA	TEMPORAIZACIÓN	MESTRE RESPONSABLE

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

6. SEGUIMIENTO DO REFORZO:

ÁREA DE LINGUA:

EVOLUCIÓN /OBSERVACIÓNS:

ÁREA DE MATEMÁTICAS:

EVOLUCIÓN OBSERVACIÓNS.

ACORDOS:

O mestre titor.

O mestre de apoio.

Asdo:

Asdo:

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

INFORME DE APRENDIZAXE INDIVIDUALIZADO FINAL DE CURSO

ED. PRIMARIA

Curso :

Ano escolar:

Titor/a:

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DEL ALUMNO/A

Apellidos e nome: _____

Data de nacemento _____

Domicilio habitual _____ Teléfonos

_____/_____

Nome da nai _____ Nome do pai _____

2. INFORMACIÓN RELEVANTE DO ALUMNO/A

3. GRADO DE ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES

ÁREAS	CURSO			
Ciencias da Natureza.				
Ciencias Sociais.				
Lingua Castelá .				
Lingua Galega.				
Lengua Extranxeira (Inglés).				
Matemáticas.				
Lectura Comprensiva.				

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Educación Física.				
Educación Artística.				
Relixión/Valores Sociais .				

3.2. Grado de adquisición das competencias indicando a decisión de promoción adoptada

COMPETENCIAS	CURSO			
Competencia en comunicación ligüística				
C. matemática y CC. BB. en ciencia e tecnoloxía				
Competencia dixital				
Aprender a aprender				
Competencias sociais y cívicas				
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor				
Conciencia e expresións culturais				
Promociona (SI/NON)				

4. MEDIDAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA

Curso	Medidas curriculares e organizativas adoptadas co alumno	Medidas de atención educativa propostas para o seguinte curso escolar.

5. OBSERVACIÓNS

--

A Veiga,.....de.....de.....
Asdo: O/A Titor/a

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**MODELO DE DOCUMENTO PARA O SEGUIMENTO DO ALUMNO CON APOIO NAS
AULAS DE PT / AL**

FICHA DE SEGUIMENTO	
Alumno/a:	
DATA:	Área:
Profesor/a de área:	Profesor/a de apoio.

OBXECTIVOS, CONTIDOS E ACTIVIDADES TRABALLADAS.

EVOLUCIÓN :

OBSERVACIÓNS:

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

DIARIO DE SESIÓNS

AULA DE APOIO A INTEGRACIÓN

DIARIO DE SESIÓNS			
ETAPA:		NIVEL	CURSO ESCOLAR:
ÁREA:			
ALUMNO/A:			
DATA	CONTIDOS/ TRABALLO REALIZADO		OBSERVACIÓNS

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

CEIP EDUARDO ÁVILA BUSTILLO. A VEIGA

CEIP EDUARDO ÁVILA BUSTILLO, A VEIGA

INDICE

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN.
2. OBXECTIVOS XERAIS.
3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO TITOR CO EQUIPO DOCENTE.
4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO TITOR CO ALUMNADO.
5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO TITOR COA FAMILIA.
6. CONTIDOS.
7. ACTIVIDADES XERAIS:
 - a. COS ALUMNOS.
 - b. COAS FAMILIAS.
 - c. CO EQUIPO DOCENTE.
 - d. DO TITOR OU TITORA.
 - e. DO PROFESORADO DE APOIO E EQUIPOS EXTERNOS.
8. ACTIVIDADES A DESARROLLAR Ó LONGO DO CURSO.
 - a. DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DOS ALUMNOS.
 - b. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO GRUPO CLASE.
 - c. ADQUISICIÓN E MELLORA DE HÁBITOS DE TRABALLO.
 - d. PARTICIPACIÓN DA FAMILIA.
9. METODOLOXÍA.

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN.

Todo Centro educativo ten que contemplar as fórmulas organizativas para facer viables as funcións titoriais e non que estas xurdan de iniciativas individuais e illadas, partindo do suposto de que “ todo profesor/a” está implicado na acción titorial, xa que a interacción profesor/a, alumno/a non debe basarse so na oferta de contidos senon, e primordialmente, sobre valores, normas e actitudes, tendo en conta que a fin primordial da EDUCACIÓN é o desenvolvemento persoal dos alumnos e alumnas para que poidan acadar o desenvolvemento das competencias básicas precisas para a preperación académica, persoal e social.

Coñecendo que a oferta curricular é moi ampla e que os alumnos/as son persoas individuais, vese necesario o desenrolo da función titorial.

Todo o que a alumna/o recibe na aula -contidos curriculares, avaliación nas suas diversas formas, tratamento segundo as necesidades de aprendizaxe (sexa nun área ou noutra), o tipo de relacións que se veñen a producir entre profesores/as e alumnos/as...- vai determina-los “resultados académicos “ pero o máis importante e que vai configurar un conxunto de experiencias a partir das cales o alumno construírá o seu autoconcepto, elaborará as suas expectativas e percibirá , de maneira real ou irreal, as súas limitacións; entón afrontará o seu futuro e o seu proxecto de vida na sociedade.

Doutra banda, o traballo docente non se pode facer de xeito que sexa dirixido só grupo de alumnas/os, nin ten que quedar exclusivamente reducida as paredes das aulas. A atención individualizada ás necesidades educativas especiais (tanto sexan polo nivel mental, situacións sociais, económicas, culturais,...), implica ter en conta as circunstancias persoais, a conexión coa familia e co entorno cultural, o que contribúe a que os alumnos/as poidan ter elementos de referencia para os seus proxectos de vida futuros e que estes sexan autónomos. En xeral, é o **trato persoal** que se establece entre os profesore/as e alumnos/as, o que favorece todo o dito anteriormente.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aínda que todos estes cometidos son competencia de tódolos profesores/as coa fin de que a **escola** sexa un **lugar para a convivencia** e, polo tanto, haxa unha acitividade educativa cooperativa, é necesaria unha persoa que asuma a responsabilidade e a coordinación da acción titorial.

A figura do titor/a responde á necesidade de sistematizar os procesos educativos e, por outra parte, á intención de personalizar estes procesos. O titor é a persoa que articula as relacións educativas no centro escolar .

Dado que a oferta educativa vai ser concretada en programacións feitas por varios mestres habería que levalas adiante tendo todos moi claro a que grupo de alumnos van dirixidas, que capacidades teñen, cales son os seus intereses e as circunstancias persoais propias de cada un, etc.

Tamén están as alumnas e alumnos con necesidades ecucativas especiais ós que haberá que facerlles unha adecuación da mesma programación tendo en conta as súas capacidades.

A adecuación da oferta educativa dos alumnos reclama accións de axuste, tanto dos obxectivos como dos contidos, e da mesma maneira, das orientacións didácticas, da organización e da avaliación.

Fai falla ter unha visión ampla do papel que ten que asumir o titor reintegrándoa na función docente cos criterios ós que se chegaron a partir dunha corresponsabilidade e unha cooperación; desta maneira poderase profundizar levando adiante compromisos colectivos en común coa educación e coa orientación dos alumnos.

O titor/a é unha garantía para que as intencións educativas non se perdan polo camiño ou se vaian olvidando; estas intencións educativas teñen que ser o eixo da aprendizaxe dos alumnos.

Ten que ser, polo tanto, a persoa que pode conquistar unha unión entre o grupo que tutela e o conxunto escolar.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Exposto todo isto, vemos que o titor/a ten que realizar as súas funcións en relación cos alumnos/as, cos profesores e profesoras, cos pais e nais, e con toda a comunidade educativa en xeral.

O Departamento de Orientación, seguindo as directrices xerais establecidas na Comisión de Coordinación Pedagóxica e recollendo as propostas dos titores a través dos coordinadores de ciclo, propónse a tarefa de seguir traballando no Plan de acción Titorial para todos os alumnos e alumnas do centro, e de xeito moi especial para os alumnos que se incorporan por primeira vez ao centro, e para aqueles que presentan necesidades educativas derivadas das súas circunstancias persoais.

Preténdese ir consolidando unha liña de acción titorial para todos os alumnos e alumnas que sexa coherente cos proxectos curriculares e o mesmo tempo conseguir un equilibrio entre os diferentes niveis educativos comenzando na educación Infantil e continuando na Educación Primaria de xeito que podamos traballar con un P.A.T común as necesidades de todo o centro.

O Departamento de orientación elaborará o plan en colaboración cos titores, estando tamén implicadas as familias como parte fundamental do proceso educativo.

2. OBXECTIVOS XERAIS.

- Axudar o desenvolvemento integral do alumno, realizando un seguimento personalizado no proceso de ensino-aprendizaxe a través das titorías e das coordinacións dos equipos de ciclo, os titores, a Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación.
- Educar en valores e normas, así como axudar ao alumno a formar unha imaxe asustada de si mesmo e ter un grao de autoestima que favoreza a súa seguridade e espírito emprendedor.
- Cooperar no proceso de integración, inserción e respecto de tódolos sectores da comunidade educativa, de xeito que a convivencia e a participación se convirtan en eixos da vida do centro.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Colaborar coas familias e outras institucións ou asociacións que contribúan a toma de decisións no relativo a vida dos alumnos no centro.
- Facilitar a integración dos alumnos no seu grupo e no conxunto da dinámica do centro.
- Potenciar o esforzo individual e o traballo en equipo.
- Levar a cabo un seguimento global da aprendizaxe dos alumnos que nos permita detectar dificultades e necesidades especiais.
- Fomentar no grupo de alumnos o desenvolvemento de actitudes participativas, tanto no centro como no seu entorno.
- Coordinar o axuste das programacións ó grupo de alumnos.
- Implicar á familia en actividades de apoio a aprendizaxe.
- Informar ás familias de todo o que atañe a educación dos nenos.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO TITOR CO EQUIPO DOCENTE.

- Manter relación cos mestres para asegurar a axeitada coordinación de actuacións respecto do grupo:
 - a. Recoller información, opinións e propostas sobre temas que afecten ós alumnos e alumnas.
 - b. Comunicar ó profesorado as informacións que poidan ser útiles na súa tarefa educativa.
 - c. Mediar, cando sexa preciso, nas situacións de conflito entre o alumnado, o profesorado e as familias.
 - d. Implicar ó profesorado do grupo nas accións pertinentes.
- Coordinar e dirixir as sesións de avaliación.
- Coordinar actividades de apoio e reforzo educativo para os alumnos que o precisen.
- Colaborar directamente coa xefatura de estudos para a creación de un clima positivo de convivencia, de disciplina e de traballo dentro do grupo.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO TITOR CO ALUMNADO.

- Traballar a autoestima, autoconñecemento e aceptación persoal.
- Valora-la comunicación como vía de coñecemento dos demais.
- Realizar un seguimento individual do alumno e do grupo clase que lle corresponde.
 - Coñecer os rasgos psicoevolutivos dos alumnos, no ciclo e na etapa, e as súas repercusións educativas.
 - Detectar, previr e axudar nas dificultades que poidan afectar a diversidade do alumnado do grupo, tanto no que se refire a aptitudes, como a intereses e motivacións, coa finalidade de orientar nas dificultades e na resolución das necesidades.
 - Promover actividades que fomenten a convivencia e a integración.
 - Reflexionar sobre as normas de convivencia do centro, que impliquen a aceptación das mesmas por parte de todos e conduza a un clima de convivencia positivo no centro.
 - Controlar as faltas de asistencia a clase así como a súa xustificación.
 - Desenvolver as actividades establecidas dentro da acción titorial.

5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO TITOR COA FAMILIA.

- Intercambiar información sobre os fillos no seu proceso escolar relativos a :
 - Rendimento xeral e por materias.
 - Dificultades de aprendizaxe observadas.
 - Medidas adoptadas polo centro.
 - Hábitos de traballo e de estudo.
 - Actitude perante as tarefas.
 - Actitudes e comportamento.
 - Proceso de integración e participación na dinámica do grupo.
- Acadar unha coherencia educativa entre familia e centro, unificando criterios, colaborando e establecendo pautas de intervención comúns.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Implicar ós pais e nais nas actividades de apoio ó aprendizaxe e na orientación dos seus fillos.
- Asesorar sobre temas relacionados coa sanidade, a hixene...

6. CONTIDOS.

- Hábitos e técnicas de estudo e traballo:
 - Autoestima e motivación polo estudo.
 - Condicións axeitadas para un bo estudo:
 - Limpeza.
 - Espacio.
 - Luminosidade.
 - Silencio.
 - Materiais.
 - Métodos: organización, tempo, concentración e esforzo.
 - Técnicas concretas: lectura, subliñado, esquemas, cadros, resumos...
- Educación para a convivencia:
 - Respecto as persoas, as cousas e o entorno.
 - Confianza, cooperación e diálogo na resolución de conflitos.
 - Participación, equidade e solidaridade.

7. ACTIVIDADES XERAIS.

Cos alumno/as:

- Organizar actividades de acollida ó comenzo do curso.
- Explicar as normas de convivencia, así como o funcionamento do centro nos distintos espacios.
- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación dos alumnos na vida do centro e do entorno.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Coñecer a situación de cada alumno no grupo, no centro e no seu ambiente sociofamiliar, podendo intervir nos casos que sexa preciso.
- Coñecer a dinámica interna do grupo e intervir se fose preciso no bo funcionamento da mesma.
- Recabar a información académica do alumno así como a súa situación persoal e familiar, a través de informes anteriores, expediente persoal, información dos titores de cursos anteriores, entrevistas, cuestionarios de principio de curso...
- Analizar co profesorado as dificultades escolares dos alumnos debidas a deficiencias instrumentais, problemas de integración ou outros, para buscar se fose preciso o asesoramento e apoios necesarios.
- Favorecer no alumnado o coñecemento e aceptación de si mesmo.
- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación do alumnado na vida do centro.
- Practicar técnicas de estudo.
- Ler libros e visionar películas que traten os valores que desexamos transmitir ós nosos alumnos.

Coas familias:

- Facer reunións trimestrais cos pais e nais dos nosos alumnos e alumnas informándolles na primeira reunión da atención titorial, horario, liñas de actuación para o presente curso, normas do centro, criterios de avaliación, actitudes e valores a traballar...
- Conseguir colaboración dos pais e nais en relación co traballo persoal dos seus fillos: organización do tempo de estudo na casa, tempo de ocio e lecer, un mínimo de atención nas tarefas escolares...
- Ter entrevistas individuais cos pais e nais para informar do desenvolvemento académico, ou calquer aspecto relacionado coa súa educación.
- Coordinar charlas sobre temas formativos ou informativos de interese xeral.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Co equipo docente:

- Programación das distintas tarefas, tanto escolares como extraescolares e complementarias.
- Coordinar programas educativos, actividades, criterios e instrumentos de avaliación.
- Establecer canles de colaboración con todos os titores do mesmo ciclo para marcar e revisar obxectivos, preparar materiais e coordinar o uso dos medios disponibles.

Do titor ou a titora:

- Manter contacto coas familias.
- Levar os documentos do alumnado da súa titoría.
- Elaborar informes e boletíns trimestrais.
- Coordinar o profesorado que incide sobre o grupo.
- Coordinar co profesorado de apoio as medidas de atención a diversidade que sexan precisas.
- Realizar as actividades programadas co seu grupo.

Do profesorado de apoio e equipos de apoio externo:

- Colaborar na elaboración de A.C. co titor ou titora e o resto do equipo docente.
- Atender ao alumnado con N.E.

8. ACTIVIDADES A DESARROLLAR AÓ LONGO DO CURSO.

a. Actividades de acollida e integración dos alumnos.

- Presentación do titor.
- Presentación de novos alumnos.
- Coñecemento dos alumnos.
- Actividades que favorezan a relación e integración do grupo.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

b. Organización e funcionamento do grupo clase.

- Recollida de información sobor dos alumnos.
- Datos persoais.
- Rendimento.
- Características do grupo.
- Alumnado con N.E.
- Normas de clase e centro.
- Horarios.
- Organización de grupos de reforzo.
- Calendario de entrevistas cos pais.

c. Adquisición e mellora de hábitos de traballo.

- Postura correcta na aula.
- Atención ás explicacións.
- Autonomía e orde.
- Responsabilidade nas tarefas. Técnicas de estudo.
- Traballo individual.
- Traballo en grupo.
- Organización do traballo persoal.
- Técnicas de recollida de información.
- Técnicas para a mellora da memoria.

d. Participación da familia.

- Reunións periódicas.
- Intercambio de información.
- Explicación de programas e obxectivos.
- Información do proceso de avaliación.
- Organización do traballo persoal dos fillos.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Entrevistas individuais. Colaboración con actividades extraescolares.

9. METODOLOXÍA.

A realización de actividades cos alumnos será dinámica e activa, facilitando a súa participación para desenvolver o autoconñecemento, integración grupal, social e familiar. Pretendese a integración curricular do plan da forma máis completa posible, de xeito que nos axude a desenvolver as competencias básicas establecidas no currículo.

O Departamento de orientación terá reunións cos titores para planificar actividades que nos axuden a acadar os obxectivos programados.



PROTOCOLO ALUMNADO TEA

CEIP EDUARDO ÁVILA BUSTILLO, A VEIGA

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

A aula é o espazo por excelencia para a intervención educativa, onde conviven, enriquecéndose, a atención á diversidade e a inclusión educativa.

En consecuencia, a atención dentro da aula ao alumno debe considerar:

- a) A oferta dun ambiente moi estruturado, predicible e fixo, onde o neno saiba en todo momento o que vai acontecer.
- b) As estratexias comunicativas que utiliza, os aspectos que se queren traballar e as axudas que precisa, tratando de potenciar ao máximo a autonomía persoal.
- c) A distribución do espazo en diferentes zonas, onde estea clara a actividade que se desenvolve en cada unha e os materiais que se utilizan. Se fose preciso, crearase un espazo libre de distraccións para realizar as tarefas.
- d) Que se proporcionen ou anticipen indicacións axeitadas e comprensibles do que vai acontecer.
- e) A promoción de valores de convivencia, comprensión e respecto polas diferenzas e colaboración no grupo/clase.
- f) A utilización de estratexias baseadas na aprendizaxe sen erro, motivadoras e que eviten a dependencia excesiva.
- g) A redución ou eliminación dos elementos de distracción, procurando un ambiente de traballo que facilite a concentración.
- h) A utilización dunha linguaxe clara, precisa (de poucas palabras) e sen uso de dobres sentidos, sentidos figurados ou ironías. As bromas deberán ser traballadas previamente.
- i) A promoción do traballo colaborativo (con grupos reducidos), dando consignas claras do que se vai traballar.
- l) A axuda permanente por parte do profesorado titor na organización das tarefas que, de ser o caso, leve para a casa, así como na organización da axenda e dos materiais que precise para cada tarefa, sempre en colaboración coa familia.
- m) O uso de esquemas e mapas conceptuais como apoio ás explicacións, resaltando o relevante.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- n) A presentación das tarefas unha vez captada a atención do alumno ou da alumna.
- o) A utilización de estratexias de moldeamento por parte do profesorado, coidando o encadeamento das situacións ou propostas de aprendizaxe.
- p) A descomposición das actividades en pequenos ítems, con uso de apoios visuais que informen dos pasos que cómpre dar para realizar a tarefa.
- q) A garantía de que se comprenden as ordes e normas xerais da aula, o que, ás veces, require dirixirse explicitamente ao alumnado.

1. Tratamento educativo do alumno/a.

O alumnado con TEA require un currículo adaptado ás necesidades que presenta, ás súas potencialidades e o seu ritmo e estilo de aprendizaxe. En todo caso, os axustes no currículo deben tratar de:

- a) Dar prioridade aos contidos que fan referencia aos aspectos comunicativos, xa sexan verbais ou non verbais, e ás competencias de tipo social.
- b) Promover aprendizaxes funcionais, encamiñadas a lograr a maior autonomía posible e adaptarse ao seu nivel de comprensión.

2. Actuacións de aula.

- Situar o alumnado lonxe de fontes de ruído, veñan da rúa ou do corredor externo á aula.
- Situar a súa mesa lonxe de colgadoiros, armarios, papeleiras, etc., que dan lugar a que se poida distraer con facilidade.
- Seleccionar só o material necesario para a tarefa de cada momento.
- Sentar o alumno ou a alumna nas primeiras filas, facilitando a súa atención cara aos estímulos máis relevantes.
- Establecer, cando proceda, tarefas de traballo independente, para promover aprendizaxes específicas.
- Nos momentos en que a distribución das mesas é en grupo, sentar o alumno ou a alumna ao carón de nenos e nenas especialmente colaboradores ou cos que comparte intereses iguais ou semellantes.
- Comunicar con antelación posibles cambios na distribución das mesas.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Axustar o nivel da linguaxe á comprensión lingüística amosada polo alumnado.
- Acompañar a linguaxe oral con apoios visuais.
- Dar instrucións e consignas claras, directas e simples para a realización das tarefas, empregando diferentes canles de entrada (visual, auditiva, táctil) para presentalas.

3. Concrecións metodolóxicas.

a. Exámenes:

- i. Adaptar o formato do exame, nº de preguntas e tempo de realización (pode ser en 2 sesións).
- ii. Letra máis grande, preguntas espaciadas, 2-3 exercicios por carilla.
- iii. Materias de Lengua, CCSS e CCNN, facer preguntas máis concretas, menos de desenvolvemento, p.e, completar, relacionar, unir, V/F...
- iv. Pode ser un exame con unha parte sinxela, para toda a aula e con algunha pregunta de desenvolvemento para o resto.
- v. Debe haber coordinación entre o equipo docente para que non coincidan exámenes no mesmo día.


b. Aula. Seguindo as orientacións recollidas no inicio teremos en conta o seguinte:

- i. Seleccionar exercicios tipo, non facer actividades repetitivas.
- ii. Ubicación correcta do alumno na aula, en referencia ao mestre, os compañeiros e os elementos distractores.

ANEXO

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Anexo : Esquema de actuación ante un posible caso de TEA






PROTOCOLO DE ACTUACIÓN, ALUMNOS E ALUMNAS CON TDAH

PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN CON ALUMNADO DE SOSPEITA DE TDAH

1. Sospeita de que o alumno ou alumna presenta TDAH: información trasladada pola familia, pediatra, titor, mestre, orientador .(ANEXO IV do protocolo da Xunta)
2. Solicitud de intervención ao Departamento de Orientación.
3. Valoración, polo Orientador , das necesidades para determinar a existencia de síntomas de TDAH.
4. Recollida de datos:
 - a. Observación directa.
 - b. Entrevista á familia.
 - c. Entrevista os mestres.
 - d. Emprego de cuestionarios. (SNAP-IV, CONNERS, T-SKAMP)
5. Se a valoración non indica a existencia de síntomas, comunícaselle á familia, e revisarase a valoración periódicamente.
6. Se a valoración confirma a existencia de indicadores suficientes se lles da a información as familias e se indicará a necesidade de acudir aos servizos sanitarios especializados para a realización dun diagnóstico clínico.
7. De ser este o caso, o Orientador entregarálle ás familias un informe de seguimento psicopedagógico, empregando o anexo do protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario da Xunta de Galicia, para derívalo ao pediatra.(ANEXO V)
8. Unha vez que a familia acode ó servizo de pediatría, reunirase co orientador para informar do diagnóstico, conclusións e tratamento.
9. O Orientador completará o informe psicopédagógico do alumno coa información clínica trasladada pola familia, e trasladaralle novamente a información do documento completo.
10. Dende o Departamento de Orientación, en colaboración co mestre titor e mestres de aula estableceránse as medidas curriculares e metodolóxicas necesarias para a atención educativa do alumno. Así como os mecanismos de coordinación.
11. Como medidas preventivas, e ante a espera do diagnóstico clínico, levaranse a cabo as pautas de actuación de centro e aula recollidas no protocolo da Xunta de Galicia.

ANEXOS.

8.6. Anexo VI. Esquema da actuación ante un posible caso de TDAH.



8.5. Anexo V. Modelos de informe

Cando un centro educativo teña fundadas sospeitas da posible existencia dun TDAH nun determinado alumno ou alumna e estime necesaria a intervención dos servizos sanitarios, entregaralles á familia, aos representantes legais ou as persoas gardadoras unha copia do informe psicopedagóxico, para o seu traslado aos citados servizos.

Cando se trate de trasladar aos servizos sanitarios información do seguimento psicopedagóxico de alumnado con TDAH, utilizarase o seguinte modelo:

INFORME DE SEGUIMENTO PSICOPEDAGÓXICO	
<i>Informe educativo, confidencial, que se entregará á familia, representantes legais ou persoas gardadoras para o seu traslado aos servizos sanitarios</i>	
1. Datos da alumna ou do alumno	
Apelidos e nome: _____	Data de nacemento: _____
Centro Educativo: _____	Teléfono de contacto: _____
Ensinanzas que cursa: _____	Curso ou nivel: _____
2. Motivo do informe (seguimento dos servizos sanitarios)	

3. Síntese da evolución psicopedagóxica desde a valoración anterior (xuntar informes, se procede, do persoal orientador, do profesorado titor, do profesorado de PT e/ou AL)	

4. Intervencións realizadas neste período (psicopedagóxicas, curriculares, organizativas, familiares, etc.)	

5. Coordinación con outros servizos	
Profesionais que participaron na coordinación _____	

Acordos adoptados:	

..... de de 20

A xefa ou o xefe do Departamento de Orientación,

8.3.1. Escala cuantitativa SNAP-IV (versión abreviada)

8.3.1. Escala cuantitativa SNAP-IV (versión abreviada)

Nome e apelidos: _____
Sexo: _____ Idade: _____ Curso escolar: _____

Para o profesorado
Enquisa respondida por: _____

Para a familia
Enquisa respondida por: _____
Conviven a nai e o pai no fogar?: _____
Nº. de irmás e irmáns que conviven no fogar (incluída a nena ou o neno): _____

Período considerado para esta avaliación:
 Semana previa Mes previo Ano previo Toda a vida

Para cada unha das 18 frases seguintes, vostede debe **puntuar entre 0 e 3**, segundo a intensidade coa que a frase caracterice a nena ou o neno. **Non deixe ningunha sen puntuar.**

- Cero (0) significa que a frase non é aplicable á nena ou ao neno en absoluto, nunca ou case nunca
- Un (1) significa que de forma leve ou só ás veces.
- Dous (2) significa que un pouco máis ou bastantes veces.
- Tres (3) significa que moito ou moitas veces.

Déficit de atención.

1. Non adoita reparar nos detalles ou comete erros por descoído nos traballos escolares ou noutras tarefas.
2. Con frecuencia ten dificultade para permanecer atenta ou atento nos xogos ou nas tarefas.
3. A miúdo parece que non escoita cando se lle fala directamente.
4. Non acostuma a cumprir coas instrucións nin remata o traballo escolar, as tarefas ou os deberes.
5. A miúdo ten dificultade para ordenar as súas tarefas e as súas actividades.
6. En moitas ocasións evita, rexeita ou participa de mala gana en tarefas que lle esixen un esforzo mental sostido.
7. A miúdo perde obxectos necesarios para actividades (por exemplo: xoguetes, lapis ou libros).
8. Con frecuencia distráese por estímulos externos.
9. Esquece actividades diarias.

Hiperactividade / Impulsividade.

10. Move as mans ou os pés ou móvese no seu asento.
11. A miúdo érguese do seu sitio na clase ou situacións nas que se espera que estea sentada ou sentado.
12. Adoita moverse, arrandearse ou trepar en situacións nas que non é apropiado.
13. Acostuma a ter dificultades para xogar ou para participar en actividades de forma ordenada ou en silencio.
14. A miúdo está lista ou listo para calquera actividade e móvese rapidamente, como impulsado por un motor.
15. Adoita falar en exceso.
16. A miúdo responde antes de que se complete a pregunta.
17. Ten dificultades para esperar a súa quenda.
18. Adoita interromper ou entremeterse (por exemplo: en conversacións ou xogos).

Interpretación da escala SNAP-IV (para profesionais):

Os ítems 1 a 9 valoran o déficit de atención e, os que van do 10 ao 18, a hiperactividade / impulsividade. Súmanse os puntos de cada bloque e divídense entre 9. Posteriormente, súmanse os de ambos os bloques e divídense entre 18.

Utilízase como punto de corte da normalidade o percentil 95 (probabilidade de erro do 5%)

- Para o déficit de atención: 2,56 para o profesorado e 1,78 para a familia.
- Para hiperactividade / impulsividade: 1,78 para o profesorado e 1,44 para a familia.
- Para ambos: 2,00 para o profesorado e 1,67 para a familia.

8.3.2. Cuestionario de conduta de Conners (forma abreviada)

© C Keith Conners, Ph.D. Duke University Medical Center,

**Cuestionario de Conduta de CONNERS (1989)
para profesores/as (forma abreviada)**

Índice de déficit de atención con hiperactividade

Nome e Apelidos: _____ Idade: _____

Curso: _____ Centro: _____

Instrucións: Por favor, responda a todas as preguntas. Ao lado de cada ítem marque o grao de severidade que o problema teña para vostede.

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
1. Ten excesiva inquietude motora				
2. Ten explosións impredecibles de mal xenio				
3. Distráese facilmente, ten escasa atención				
4. Molesta frecuentemente a outros/as nenos/as				
5. Ten aspecto enfadado/a, huraño/a				
6. Cambia bruscamente os seus estados de ánimo				
7. Intranquilo/a, sempre en movemento				
8. É impulsivo/a e irritable				
9. Non remata as tarefas que empeza				
10. Os seus esforzos frústranse facilmente				
TOTAL				

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

Cráterios de corrección:

Asigne puntos a cada resposta do modo seguinte:

NADA = 0 PUNTOS // POUCO = 1 PUNTO // BASTANTE = 2 PUNTOS // MOITO = 3 PUNTOS

Para obter o Índice de Déficit de Atención con Hiperactividade sume as puntuacións obtidas.

Puntuación:

Para os NENOS entre os 6 – 11 anos:

unha puntuación >17 significa sospeita de DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE.

Para as NENAS entre os 6 – 11 anos:

unha puntuación >12 significa sospeita de DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

72

Questionario de Conducta de CONNERS (1989) para pais/nais (forma abreviada)

Índice de déficit de atención con hiperactividade

Nome e Apellidos: _____ Idade: _____

Curso: _____ Centro: _____

Instrucións: Por favor, responda a todas as preguntas. Ao lado de cada ítem marque o grao de severidade que o problema teña para vostede.

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
1. É impulsivo/a, irritable				
2. É chorón/a.				
3. É máis movido/a do normal				
4. Non pode estarse quieto/a				
5. É destructor/a (roupas, xoguetes, outros obxectos)				
6. Non acaba as cousas que empeza				
7. Distráese facilmente, ten escasa atención				
8. Cambia bruscamente os seus estados de ánimo				
9. Os seus esforzos frústranse facilmente				
10. Soe molestar frecuentemente a outros/as nenos/as				
TOTAL				

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

Criterios de corrección:

Asigne puntos a cada resposta do modo seguinte:
NADA = 0 PUNTOS // POUCO = 1 PUNTO // BASTANTE = 2 PUNTOS // MOITO = 3 PUNTOS

Para obter o Índice de Déficit de Atención con Hiperactividade sume as puntuacións obtidas.

Puntuación:

Para os NENOS entre os 6 – 11 anos:
unha puntuación >16 significa sospeita de DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE.

Para as NENAS entre os 6 – 11 anos:
unha puntuación >12 significa sospeita de DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE.

8.3.5. T-SKAMP

Nome da alumna ou do alumno: _____ Data: _____

Lea atentamente cada ítem sobre as dificultades que presenta a alumna ou o alumno e poña unha cruz (X) na columna que mellor as describe

Grao de dificultade	Non ten	Leve	Lixeira	Moderada	Importante	Moi severa	Extrema
Conduta na aula							
1. Comezar as tarefas, poñerse a traballar							
2. Manterse facendo o traballo durante o tempo establecido							
3. Atender as explicacións ou diálogos da aula							
4. Parar de facer o que estaba facendo e prepararse para a seguinte actividade							
5. Na interacción cos demais nenos e nenas							
6. Na interacción co profesorado							
7. Permanecer quieta ou quieto de acordo coas normas da aula							
8. Estar sentada ou sentado de acordo coas normas da aula							
Traballo escrito							
9. Rematar o traballo asignado							
10. Facer o traballo correctamente, sen erros							
11. Ser coidadosa ou coidadoso e limpa ou limpo nos traballos							
Xeral							
12.- Cumprir as instrucións do profesorado							
13. Cumprir as normas do colexio							
Escriba a continuación, de ser o caso, outros dous aspectos diferentes nos que a alumna ou o alumno presenta dificultades							
14.							
15.							